

Proposta de Acordo

Finalizado o proceso de implantación de estudos de grao e de máster conforme ao *Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais*, e as súas modificacións posteriores, que adaptou a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais as liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior

Habéndose producido o 30 de setembro de 2017 a extinción definitiva das titulacións de Licenciado, Diplomado, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro Técnico,

Vista a proposta formulada polo Servizo de Xestión de estudos de Grao, co obxectivo de evitar posibles confusións entre o alumnado que cursa estudos nas titulacións de Grao e Máster na Universidade de Vigo,

O consello de Goberno, na súa sesión de 9 de outubro de 2017

ACORDA

Derrogar as seguintes normativas da Universidade de Vigo que regulaban os estudos universitarios oficiais conforme a anteriores ordenacións,

- Normativa de permanencia na Universidade de Vigo, aprobada polo Consello Social o 13 de xuño de 2001, e as súas modificacións posteriores, agás todo o relativo á *“Avaliación curricular”* que continuará vixente durante os cursos académicos 2017/2018 e 2018/2019.
- Normativa de xestión académica, aprobada en Consello de Goberno o 28 de maio de 2001, e as súas modificacións posteriores.